

GALICIA LITORAL

GALICIA *Litoral*

GUÍA MODELO DE PLAN DE EXPLOTACIÓN
PARA CONCELLOS

ÍNDICE DE CONTIDOS



PLANS DE EXPLOTACIÓN: definición e conceptos xerais

01_ Principios xerais

02_ Que é un plan de explotación?

03_ Duración e prazos

04_ Condicións


SOLICITUDES: Documentación e contido

05_ Como presentar a solicitude

06_ Documentación e contido mínimo do plan de explotación

CONTACTO

07_ Canle de atención telefónica e datos de contacto



PLANS DE EXPLOTACIÓN:

Definición e conceptos xerais



01_ Principios xerais

A [Lei 22/1988, do 28 de xullo de Costas](#), cando trata da utilización do dominio público conxuga as necesidades de garantir o uso **común, natural, libre e gratuíto das praias**, coa necesidade de articular o seu uso especial para dar resposta á demanda de servizos que se produce en época estival.

Para este fin regula como título habilitante para o uso especial a autorización administrativa, e prevé como titular da mesma aos concellos, quen coñecedores das necesidades que se formulan dentro do seu ámbito territorial deberán asumir o deseño conxunto e coordinado das actividades e instalacións de tempada.

En ningún caso o outorgamento destas autorizacións **poderá desnaturalizar o principio do uso público das praias**.

A Xunta de Galicia aprobou o [Decreto 38/2019, do 14 de marzo](#), polo que se aproba a **catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia**. Dentro do proceso de catalogación, a normativa establece a categoría e subcategoría para cada tramo de praia en función da existencia de elementos merecedores de protección ambiental, regulando o seu uso e ocupación de acordo coa clasificación asignada.

Esta catalogación pode ser consultada no visor <http://mapas.xunta.gal/visores/basico/>, publicado na páxina web dependente do Instituto de Estudos do Territorio, dentro do punto de: «Selección de capas. Ordenación do territorio e paisaxe. Caracterización dos tramos das praias».

02_ Que é un plan de explotación?

De conformidade co disposto no artigo 113 do Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, os concellos costeiros **poderán solicitar, con carácter preferente**, a autorización para as actividades, instalacións e servizos de tempada no seu termo municipal na zona de dominio público marítimo-terrestre.

Por tanto, un plan de explotación concíbese como **instrumento vehicular de todas as peticións de actividades, instalacións e servizos** que pretendan realizar, na zona de dominio público marítimo-terrestre, os distintos departamentos de cada concello: turismo, deportes, eventos, comercio...

O plan de explotación presentarase baixo unha única solicitude por cada concello interesado. Así mesmo, servirá para comunicar á Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente, a persoa responsable da tramitación da totalidade das actividades, instalacións e servizos do citado Plan, especificando os datos de contacto no punto correspondente (CONTACTO) do anexo do procedemento MT701A, así como na memoria explicativa.

03_Duración e prazos

Os plans de explotación poderán autorizarse polo prazo dun ano, prorrogable ata un máximo de catro, se ben as instalacións **deberán desmontarse** unha vez rematada a tempada.

O prazo de explotación por terceiros non poderá exceder o prazo de autorización outorgada ao Concello.

A tempada queda fixada, como máximo, entre o **inicio do período de Semana Santa, entendendo por tal o venres inmediatamente anterior á festividade do Venres Santo, e o 31 de outubro de cada ano natural.**

Por último, poderanse incluír no Plan os seguintes servizos e actividades, **NON suxeitos á citada duración da tempada:**

- i. Os servizos de formación e ensino de actividades deportivas ou recreativas vinculadas ao uso e gozo do dominio público marítimo-terrestre (por exemplo, unha escola de surf na praia).
- ii. As terrazas situadas nos tramos urbanos, en beirarrúas e paseos marítimos, que estean vinculadas a establecementos fóra do dominio público marítimo-terrestre.
- iii. Eventos, espectáculos públicos e actividades turísticas, recreativas ou deportivas

04_Condicións

04_01 Condicións das actividades, instalacións e servizos

As actividades, instalacións e servizos incluídos no Plan de explotación deberán axustarse ás condicións establecidas na normativa aplicable e na **Guía de instalacións e actividades de tempada no litoral de Galicia para o 2026**, dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.xunta.gal/medio-ambiente/galicia-litoral/marco-legal>

En período estival, as administracións competentes poden necesitar realizar actuacións ou tarefas de mantemento e conservación das praias, polo que as autorizacións dos plans de tempada que se outorguen o serán sen prexuízo da execución das ditas actuacións.

Ante a previsión de fenómenos meteorolóxicos adversos, o concello deberá prover o necesario para a retirada inmediata das instalacións para minimizar, no posible, os danos que se producen nas praias.

04_02 Condicións do outorgamento da autorización en caso de explotación por terceiros

En caso de explotación por terceiros, os concellos garantirán, baixo a súa exclusiva responsabilidade que, nos procedementos para licitar a prestación do servizo de tempada en praias, se atenda ao maior interese e utilidade pública das propostas, que se valorarán en función dos criterios que deberán ser especificados polos concellos nos correspondentes pregos de condicións, con respecto ós principios de publicidade, imparcialidade, transparencia e concorrência competitiva.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en calquera momento, sen dereito a indemnización, cando:

- produzan danos no dominio público,
- impidan a súa utilización para actividades de maior interese público,
- interfiran na realización dunha obra de interese xeral,
- menoscaben o uso público,
- os terreos ocupados soporten un risco certo de que o mar os alcance,
- resulten incompatibles coa normativa aprobada con posterioridade.

Depósitos previos á explotación

No caso de explotación por terceiros, o concello exixirá a estes a constitución dun depósito previo, a disposición da Dirección Territorial correspondente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para responder dos gastos de execución subsidiaria do levantamento das instalacións (art. 113.6 do RXC) Así mesmo, este depósito responderá das penalizacións, responsabilidades e incumprimento das condicións da autorización en que puidese incurrir o adxudicatario.

O depósito poderase formalizar por calquera dos sistemas admitidos pola normativa vixente na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou Delegacións Provinciais da Atriga): <https://www.conselleriadefacenda.gal/es/areas-tematicas/politica-financiera-e-tesouro/caixa-xeral-de-depositos/informacion-xeral>

O promotor deberá entregarlle ao concello o xustificante de ter depositada a dita garantía.

Os depósitos constituiranse polo importe de 25,00 euros/m² de ocupación con base á superficie solicitada e reflectida no plan e non por cantidades inferiores, aínda que a superficie finalmente ocupada sexa inferior á solicitada, ou non se chegue a ocupar.

Nestes depósitos, con obxecto de poder identificar e asignar a dita contía á instalación correspondente, deberase especificar a referencia da instalación, tal e como quede reflectida no Plan.

Relación nominal de terceiros adxudicatarios

O concello deberá remitir ao Servizo do Litoral da correspondente Dirección

Territorial da Xunta de Galicia, antes do inicio da actividade, a relación nominal dos terceiros encargados da explotación (nomes, apelidos, razón social ou nome comercial, NIF ou CIF, número de instalacións das que son titulares e dirección para efectos de notificación). Nesta comunicación incluírá os documentos acreditativos de teren constituído os depósitos especificados no punto anterior.

04_03 Condicións relativas ao canon

A Administración Xeral do Estado reserva para si as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre.

O concello, como titular da autorización, **deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación ou Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico)** para a liquidación e aboamento do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do [Regulamento xeral de Costas](#).

04_04 Condicións previas ao inicio da explotación

Unha vez rematada a montaxe das instalacións, o concello solicitaralle ao Servizo do Litoral da correspondente Dirección Territorial da Xunta de Galicia o seu recoñecemento, co fin de comprobar a súa coincidencia coa autorización outorgada, así como as indicacións sinaladas por esa administración (art. 113.7 do RXC).

O concello, ao solicitar o recoñecemento das instalacións, comunicaralle ao Servizo do Litoral a persoa delegada para a sinatura da acta de recoñecemento.

04_05 Condicións finais

O titular da autorización (concello) deberá informar ao Servizo do Litoral da correspondente Dirección Territorial da Xunta de Galicia das incidencias que se produzan en relación co dominio público marítimo-terrestre.

Se o servizo de vixilancia do litoral, durante o período de explotación das instalacións de tempada, detectase algunha irregularidade con respecto do autorizado, comunicarllo ao concello correspondente para que se tomen as medidas necesarias para a súa corrección. En caso de incumprimento, iniciárase o correspondente expediente sancionador.

Unha vez rematada a tempada, deberánse retirar todas as instalacións en DPMT afectadas, quedando o terreo limpo e na mesma situación a como inicialmente se encontraba, restaurando a realidade física anterior.

O concello terá que certificar que a instalación se realiza conforme o autorizado así como, unha vez remate a tempada, certificar a retirada de todas as instalacións do DPMT, tanto as que se atopan en zona de area e paseo marítimo, como as situadas na lámina de auga, incluíndo as plataformas acuáticas e boiaríns, e os lastres e mortos que os suxeitan ao fondo mariño, entre outras.



SOLICITUDES:

Documentación e contido

05_ Como presentar a solicitude

As solicitudes de autorización de servizos de tempada presentaranse **exclusivamente por vía electrónica** a través do procedemento MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Para a súa presentación poderanse utilizar todos os sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica, incluída a Chave 365.

A solicitude **deberá dirixirse ao departamento territorial** da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente ao lugar onde se vaia executar a actuación.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas obrigadas a presentar a súa solicitude electronicamente a presenta de forma presencial, deberá emendala mediante a súa presentación electrónica. Considerarase como **data de presentación, aquela en que se realice a emenda**.

No formulario MT701A, débese indicar o subtipo de autorización solicitada, elixindo a seguinte opción:

- Servizos de tempada. Plans de explotación (concellos)

06_ Documentación e contido mínimo do plan de explotación

06_01 Contido formal do Plan

O proxecto do Plan de explotación deberá conter, polo menos os seguintes apartados:

I. Memoria explicativa

II. Planos

III. Táboas

IV. Anexos

I. Memoria explicativa:

Explicará as actividades, instalacións e servizos de tempada que se vaian prestar na praia ou lámina de auga, así como o modelo de explotación que se vai seguir.

Deben quedar concretadas as datas de inicio e terminación das explotacións solicitadas, tendo en conta que dentro do dito período de ocupación se deberá prever o tempo necesario para a montaxe e desmontaxe das instalacións.

Así mesmo, especificarase se as instalacións, explotadas por terceiros, polo propio concello ou outro organismo, son con ánimo de lucro ou sen el.

Por último, indicarse a persoa do concello encargada e responsable dos servizos de tempada, incluíndo os datos de contacto (teléfono e correo electrónico).

II. Planos:

1. Planos **actualizados de situación das instalacións solicitadas**. Deberanse achegar bosquexos detallados de cada unha das instalacións, adecuadamente acoutados, onde queden reflectidas as superficies e dimensións das instalacións solicitadas.

Os planos deberán ter formato A3 e a escala mínima 1:1000.

2. Planos de detalle da planta, cuberta e alzados dos establecementos **expendedores de comidas e bebidas solicitados**, a escala 1:50, onde se detalle a súa superficie pechada e aberta. Incluiranse nos planos os aseos vinculados a estes establecementos.

3. Planos de detalle de planta, cuberta e alzado das instalacións de actividades

náuticas, escala 1:250, onde se detalle a distribución dos servizos que o compoñen.

III. Táboas:

Confeccionarase unha táboa (resumo de todo o anterior) por cada tramo de praia do municipio establecido no Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se proba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, que conterá a seguinte información:

- Denominación da instalación
- Tipo de uso da instalación (expendedor de bebidas, venda xeados, hamacas, canle balizamento, baños, caseta salvavidas, entre outros)
- Indicación de se as instalacións son con lucro ou sen lucro.
- Determinación da posición da instalación mediante coordenadas UTM.
- Superficie de ocupación en metros cadrados de cada instalación.
- Período de explotación (incluirase montaxe e desmontaxe)

IV. Anexos:

Anexo 1 Autorización de circulación de vehículos

O concello solicitará autorización de acceso ao DPMT para os vehículos que atendan os servizos públicos da súa responsabilidade (policía, limpeza, vixilancia e socorrismo). Estes vehículos identificaranse cos seus correspondentes distintivos (concellos ou cruz vermella) e só poderán atender o fin ao que están adscritos, neste sentido, queda expresamente prohibida a circulación de vehículos pola area para a repartición de persoal que deba atender as instalacións (por exemplo de socorristas aos seus puntos de vixilancia).

Así mesmo, deberá solicitar autorización para os vehículos que deban acceder ao DPMT necesarios para o apoio ás instalacións (montaxe, desmontaxe, carga e descarga, incluído o abastecemento habitual). Estes vehículos unicamente poderán

acceder á area antes das 10 horas e despois das 19 horas e estenderase ao período autorizado á instalación á que prestan apoio.

A solicitude deberá identificar o modelo e a matrícula dos vehículos e a actividade á que están adscritos. En caso de que non resultase posible coñecer no momento de solicitar o Plan de tempada a identificación dos vehículos, especificarase o número e con posterioridade comunicarase a súa identificación.

Anexo 2 Actividades deportivas, culturais ou festivas en DPMT.

Incluirase a totalidade das actividades deportivas, culturais ou festivas programadas, planificadas ou promovidas polo concello para a tempada.

Estas actividades deberán limitar a súa ocupación aos elementos mínimos e indispensables para o seu desenvolvemento, sen incluír ningún tipo de instalación adicional.

No caso en que, para o desenvolvemento dalgunha das actividades, se precise a instalación de gradas, carpas ou outro tipo de instalacións adicionais, deberase achegar, ademais da documentación xeral, a seguinte:


- a. Documentación xustificativa na que se describa o obxecto e as características da actividade que se vai desenvolver, con xustificación expresa da ocupación do dominio público marítimo-terrestre (superficie, instalacións, tempo e estimación de ocupantes)
- b. Documentación gráfica do obxecto da ocupación, incluíndo plano de situación, a escala mínima 1:5000 e planos de detalle, a escala mínima de 1:500
- c. Declaración expresa do carácter da actividade: lucrativa ou non
 - Relación de ingresos estimados, no seu caso, con tarifas a aboar polo público
 - Relación de gastos previstos.

Solicitarase informe a Capitanía Marítima para as probas previstas no mar.

Anexo 3 Eventos con repercusión turística en DPMT

Consideraranse eventos de interese xeral con repercusión turística os que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

- Os declarados como de interese turístico internacional, nacional, autonómico, ou local, polo órgano competente.
- Os eventos deportivos ou culturais que, mesmo celebrándose de forma esporádica, teñan repercusión internacional, nacional, autonómica, ou local.



CONTACTO



10_ Canle de atención telefónica e datos de contacto

10_01 Teléfono de información 012



012

Ponse á disposición das persoas interesadas unha canle de atención e información á cidadanía a través do **teléfono 012**, para facilitar a realización de trámites e brindar asesoramento en materia de litoral. A través deste servizo facilitarase información sobre o procedemento de autorización para os servizos de tempada.



10_02 Datos de contacto

Servizo do Litoral da Coruña

Teléfono: 881881018 / 981184716

Email: litoral.medio-ambiente.coruna@xunta.gal

Servizo do Litoral de Lugo

Teléfono: 982889729/ 982294394

Email: litoral.medio-ambiente.lugo@xunta.gal

Servizo do Litoral de Pontevedra

Teléfono: 986805654

Email: litoral.medio-ambiente.pontevedra@xunta.gal

Bases e plans de explotación: litoral.medioambiente@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA